

RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR DO IES LAXEIRO (NOVEMBRO 2018)

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES profesores/as**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral do profesorado está exposto no taboleiro de anuncios da sala de profesores do centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 7 de novembro ata as 12:00 horas do día 14 de novembro (haberá que solicitar a candidatura na secretaría do centro)
4. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último como secretario.
5. Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **2** da lista de candidatos/as
6. O voto será directo, secreto e non delegado
7. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **20 de novembro, ás 12:35 horas no Salón de Actos do IES Laxeiro.**
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lalín, a 6 de novembro de 2018
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL



EUGENIO GRANDE SIERRA